



EMERGENTES

Manolo Vila

Preside a Asociación de Promoción e Integración Gitana, que acolle unha mostra sobre este pobo

«Promove unha mirada respectuosa ao pobo xitano»

POR: A.C. FOTO: AEP

Onde se pode visitar a mostra sobre o pobo xitano?

A Asociación de Enseñantes con Gitanos, en colaboración coa Asociación de Promoción e Integración de Lugo, organiza a exposición 'Historia y Cultura del Pueblo Gitano'. Inaugúrase este venres, ás 17.00 horas, e permanecerá ata o día 18 na facultade de Formación do Profesorado. Do 21 ao 25 de marzo estará na sede da asociación, na Rúa Conde 37.

Que pretenden con esta exposición?

É importante que os futuros mestres que os van ter como alumnos coñezan a historia do pobo xitano, que leva case 600 anos na Península Ibérica. En España está integrado por un millón de persoas, 20.000 en Galicia e 3.000 na provincia de Lugo. Son 18 paneis sobre a historia deste pobo para estimular e motivar unha mirada limpa e respectuosa sobre os cidadáns xitanos.

Contan coa colaboración da Asociación de Enseñantes con Gitanos, que papel xogou?

Cando se creou a finais dos anos 70 actuaron como misioneiros, ían ás chabolas dos pobos marxinais a buscar aos nenos sen escolarizar, facilitáronlles comedores escolares, medidas hixiénicas...

